


AGUSTIN FERNANDEZ PAZ



Agustín Fernández Paz naceu en Vilalba no ano 1947. E mestre, animador de diversas iniciativas culturais, autor de varios libros de ensaio e ficción e gran coñecedor e promotor de libros de literatura infantil e xuvenil en galego. A súa novela *AS FLORES RADIATIVAS* (reseñada nesta mesma revista), recibiu o premio Merlín 1989. Por todos estes aspectos da súa personalidade charlamos hoxe con Agustín.

PAPEIS: Agustín, este ano publicáronse varios libros teus, entre eles dúas novelas para nenos, ¿pódese dicir que es un escritor con vocación tardía ou é que ata agora non tiveche-la oportunidade de publicar?

AGUSTIN: Góstame a pregunta porque serve para tentar de remediar unha inxustiza que non me pasa a min so, seño que lle sucede a moita máis xente. E é a seguinte: cando fas unha serie de traballos que non van con firma, é dicir que non levan a firma do autor, moitas veces non se consideran traballo. Que este ano saian seis libros meus non me fai esquecer que hai dous anos saíron sete ou oito libros de texto nos que eu colaboraba formando parte do grupo Avantar. Por poñer un exemplo: tódolos contos que aparecen sen firma nestes libros son meus, e hai bastantes. Isto quere dicir que non é de agora que eu escriba contos nin moito menos, teño realizado un labor semellante en anos pasados, pero por estar feito dun modo colectivo non se considera. E isto é una inxustiza. En canto ós libros teóricos, moitas cousas xa estaban feitas e houbo só que estruturalas.

PAPEIS: No ano 1983 publicabas un artigo en La Voz de Galicia co título O BALDEIRO DA NOSA LITERATURA INFANTIL. ¿Encheuse nestes anos ese baldeiro?. Se é así, ¿cres ti que se fixo con libros de calidade que axudan a facer lectores ou, pola contra, estase a editar todo aquilo que cae en mans dos editores e que estes necesitan para cubri-lo mercado?

AGUSTIN: Certamente, cando eu publiquei este artigo había na literatura galega infantil un baldeiro total. Calquera podía controlar todo o que saía en galego porque eran catro cousas. Agora creo que ese baldeiro estase enchendo. Pero penso que aínda falta bastante; un rapaz ou rapaza ponse a ler en galego e en pouco tempo despacha o que hai porque a oferta aínda é pequena.

Respecto a como se está enchendo o baldeiro, creo que está pasando un fenómeno semellante ó que pasou en España. Estamos nuns anos nos que se está a publicar practicamente todo o que se escribe, ou case todo. Aínda que non tódalas coleccións actúan igual. Como sabedes eu son un dos responsables da colección Merlín e pódovos dicir que ó face-la selección do que se vai publicar deixamos na estacada máis dun 50% dos orixinais que se presentan.

Agora ben, é certo que se están publicando cousas que necesitarían un proceso de acabado. Hai libros que conteñen unha boa idea pero están apresurados.

De calquera maneira, eu desdramatizaría o asunto. Un escritor vaise facendo, creo que moitas veces é necesario que publique unha ou dúas cousas para que a terceira lle saia ben. O que sucede en Galicia é que como temos unha produción aínda pequena, isto nótase moito máis; en castelán cunha produción máis alta, podemos escoller.

Onde ese baldeiro do que falamos está aínda por encher é no que se refire ós libros en galego para os máis pequenos. O problema destes libros é que precisan unha infraestrutura editorial moi forte, pensemos por exemplo na cuatricromía. Isto fai que somentes sexan rentables se hai tiradas grandes, polo que non poden ser abordadas pola industria editorial galega.

Ata agora está pasando que os libros para os máis pequenos son todos traducións do catalán e, aínda que sexan libros de calidade, os debuxantes, lóxicamente, reflexan de maneira implícita un mundo de raíces catalanas.

Esta carencia non é por incapacidade dos nosos debuxantes, que os hai e moi bos, é, como digo, un problema editorial. A alternativa sería que os nosos produtos se exportasen como fan os cataláns; pero quizais non temos aínda a solidez industrial que se precisa, porque este asunto, ademáis de ser un problema cultural é un problema industrial.

PAPEIS: Cunha produción que vai sendo cada vez máis importante, ¿podemos falar xa da existencia de tendencias ou correntes dentro da literatura infantil e xuvenil en galego?.

AGUSTIN: A min paréceme aventurado falar de tendencias. Penso que non hai un volume de produción nin unha tradición como para que se poidan evidenciar tendencias. Hai anos eu tiño máis claro, estaba condicionado por unha serie de manuscritos, algúns deles foron publicados máis tarde, que falaban de temas de dragóns, de castros encantados e de asuntos relacionados coa nosa tradición oral. Pero hoxe non me atrevería a dicir tanto. Observo que se empezan a tocar temas que antes non se trataban, como por exemplo a ficción científica, pero tampouco me atrevo a dicir que sexan unha tendencia cando son dúas ou tres novelas. Hai tamén novelas realistas como LEONARDO E OS FONTANEIROS, a miña de AS FLORES RADIATIVAS pódese considerar como ecoloxista ou pacifista... E dicir que empeza a haber un pouco de todo.

PAPEIS: Como que ti es responsable dunha colección de libros dirixidos a nenos, ¿Cal é a túa postura con relación ás traducións?.

AGUSTIN: Penso que as traducións son imprescindibles. Eu desexo que haxa traducido ó galego polo menos tanto como hai ó catalán, que se poda atopar en galego unha inmensa cantidade de cousas. Agora ben, o que é lamentable é que chegue primeiro a tradución ó castelán e ó cabo de cinco anos ó galego.

As traducións ó galego terían que ser directas do idioma orixinal, estivesen ou non en castelán e que cando unha editorial lance as traducións ó catalán, galego ou castelán, sexan nun intervalo de tempo semellante.

No caso da colección Merlín, a teoría que temos é que de cada cinco títulos, un sexa unha tradución que, ou ben se xa está en castelán non sexa moi coñecida, ou senón que sexa algo que non está traducido e nós consideramos que é interesante.

Agora ben, a min non me extraña que determinados éxitos de vendas sexan precisamente de autores galegos, porque creo que dalgún xeito hai unha conexión entre o escritor e o lector en galego. O caso de Paco Martín pode se-lo máis paradigmático para ilustrar este feito do que falamos.



PAPEIS: Este ano fuches ti o galardonado co premio Merlín. ¿Consideras que os premios son un bo sistema para a selección de libros de calidade?

AGUSTIN: Eu non estou en desacordo cos concursos mentres non proliferen demasiado. Tendo en conta que o libro galego aínda non ten o público lector que podería ter, os concursos axudan a tirar de determinados títulos que posiblemente noutras circunstancias non saírían.

En canto a selección de orixinais, eu pola miña experiencia teño que dicir que non hai un criterio fixo. Nos anos que van do premio Merlín, e eu algúnha vez formei parte do xurado, a situación é moi irregular. Houbo anos nos que a carón do gañador había moitos outros títulos bos, e anos nos que a colleita non foi tan boa, nin en cantidade nin en calidade.

PAPEIS: Ti coma nós es mestre e tamén coñecedor da enorme responsabilidade que tratan de botarnos os que consideran que é función, case que exclusiva, da escola a formación do hábito lector entre os membros máis novos da sociedade. ¿Coidas que esta institución está preparada para asumir esta responsabilidade? e, en todo caso, ¿correspóndelle a ela asumila?

AGUSTIN: A resposta a esta pregunta daría para escribir todo un traballo sobre o tema. Eu teño varias ideas. Respeto á primeira parte da pregunta, sobre si a escola está preparada, está claro que non o está cando nin na formación inicial dos mestres nin na formación permanente hai nada relacionado co tema, cando nin as bibliotecas escolares funcionan nin hai interese por que funcionen e cando, falando en xeral naturalmente, o descoñecemento da literatura infantil entre os ensinantes é grande. Agora ben, o que me parece máis interesante é a outra parte da pregunta, é dicir se debe se-la escola o ámbito de lectura ou debe haber outros ámbitos. Se falamos en abstracto podería dicir que creo que non se pode reduci-lo libro ó ámbito escolar, que o ámbito social é decisivo, que a escola en todo caso debe ser subsidiaria da familia. Pero non quero falar en abstracto e prefiro centrarme no caso de Galicia porque o caso galego ten particularidades propias. Ó te-la lingua galega os problemas que ten na actualidade, a escola é un dos escasos ámbitos de uso nos cales está seminormalizada e por iso esta institución ten unha responsabilidade engadida moi importante. Se ben a familia é decisiva respecto á lectura en galego, a escola tamén o é.

E aproveito para expoñer unha tese que eu sosteño que é a de que ler en galego non é o mesmo que ler en castelán: é iso e un pouco máis. Por elo tódolos que en Galicia traballamos en torno á animación á lectura temos que ser conscientes de que o noso

Arturo Mugaña Pazo



traballo ten unhas certas especificidades que fan que non sexa exactamente igual que o traballo de animar a ler en castelán. Comentábame hai pouco unha bibliotecaria amiga miña que ó face-las estadísticas dos libros que leran os nenos que pasaran polo seu centro, atopouse con que máis do 80% destas lecturas foran de libros en castelán. Ela achacaba isto ó feito de que ata agora tiñase preocupado pola animación á lectura "a secas", e chegaba á conclusión de que no caso dos libros en galego precisábanse unhas estratexias específicas, unha discriminación positiva que axude a cambia-la tendencia que hai na sociedade de marxina-los produtos da cultura galega.

PAPEIS: Na actualidade case que tódalas editoriais utilizan a escola como canle de distribución. Dende o teu punto de vista ¿a que se debe este fenómeno?.

AGUSTIN: Eu entendo que en Galicia a rede de librerías tampouco é moi boa, sobre todo no medio rural onde a venta de libros en moitos casos compártese coas de outros produtos que nada teñen que ver. Entón, cando se pensa nun potencial mercado, é normal ter en conta a escola. E posible que estas circunstancias non sexan xeneralizables a outros sitios, pero aquí paréceme correcto que as editoriais vaian á escola mentres non haxa outros ámbitos comerciais.

PAPEIS: Gustaríanos que nos dera-la túa opinión, xa que es un entusiasta dos mass media, sobre o futuro que pode te-lo libro ante as novas tecnoloxías: cine, video, ordenadores...

AGUSTIN: En teoría eu non vexo ningún problema na coexistencia de medios diversos, máis ben todo o contrario. Na práctica é onde existe o problema dadas todas esas deficiencias das que xa falamos: deficientes redes de bibliotecas, falta de potenciación da lectura, etc. Con este estado de cousas, resulta que aqueles medios máis fáciles ou máis pasivos son os que se poden "leva-la parte do león" do tempo de lecer das persoas, e pode ocorrer que haxa consumidores indiscriminados destes medios máis pasivos e se imposibilite que o libro se desenvolva coa plenitude que debera. Pero en esencia non vexo problema ningún, nin vexo diferenza cualitativa entre disfrutar lendo un bo libro, un bo comic ou vendo unha boa película. Estes días pasados leín unha entrevista que lle fixeron hai pouco a Ray Bradbury o gran amante dos libros, o autor de FARENHEIT 451, na que a unha pregunta do cronista responde que os inimigos do libro non están nas modernas tecnoloxías senón máis ben en certos grupos sociais que son inimigos da cultura. Eu comparto esta opinión, é evidente que se non se promocionan os libros e outras formas de lecer máis difíciles e se promocionan outros tipos de ocio, o problema está na ordenación social e non nos medios.

Mugardos, verán de 1990

